

## SUPERVIVENCIA FRONTE AO NEMATODO DOS PIÑEIROS RESISTENTES

Familias tolerantes

^78,01%

61,04% Termo medio de familias avaliadas

## GANANCIA DUNHA PLANTACIÓN CON PIÑEIROS RESISTENTES AO NEMATODO

Ingresos esperados por hectárea e ano, tras a corta final, nunha plantación de produtividade media.

Familias tolerantes

^278€/ano

240€/ano Planta comercial galega

Estimacións tras as medicións realizadas nas parcelas de 12 anos de idade, despois dunha quenda de 30 anos e para un prezo da madeira en pé de 30 €/m<sup>3</sup>.



## RECOMENDACIÓN DE PLANTACIÓN

A semente destes “proxenitores de familia” resistentes é axeitada para realizar plantacións en practicamente toda Galicia. Tamén fóra deste territorio, sempre que as características climáticas e do solo sexan semellantes. Debe terse en conta que o crecemento óptimo da especie en xeral está limitado polas xeadas, secas, solos enchoupados e solos calcarios.



## ONDE CONSEGUIR A SEMENTE

A investigación que levou á obtención destes piñeiros resistentes desenvolveuse no CIF Lourizán. O centro de sementes forestais, Viveiros Xunta de Galicia-Semfor, dependente da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Consellería do Medio Rural), e situado en Bértoa, s/n - 15100 Carballo, facilita esta semente a viveiros e produtores coa garantía dun control fitopatolóxico estrito.



# Pinus pinaster resistentes ao

## Nematodo da madeira do piñeiro

(*Bursaphelenchus xylophilus*)

XUNTA DE GALICIA



AGACAL  
AXENCIA GALEGA  
DA CALIDADE ALIMENTARIA

Centro de Investigación Forestal  
**LOURIZÁN**

**INDITEX**




D.L.: C 1409-2020

## AUTORAS

Raquel Díaz Vázquez (coordinadora)  
María Menéndez Gutiérrez  
Eva Prada Ojea

Viveiros Xunta de Galicia-Semfor

CIF Lourizán



## CONTACTO


Centro de Investigación Forestal de Lourizán  
C/ Iglesia, 19. 36153 Pontevedra

infoLOURIZAN.MR@XUNTA.GAL  
+34 986 805004

*A mellora xenética é unha das estratexias de loita máis importantes para facer fronte ao murchamento do piñeiro.*

*O CIF Lourizán traballa na selección de piñeiros resistentes a esta enfermidade.*

# A ENFERMIDADE: O MURCHAMENTO DO PIÑEIRO




**Nematodo:** verme de 0,4-1mm causante da enfermidade.

**Monochamus:** escaravello transmisor do nematodo durante a alimentación de poliñas novas ou ao reproducirse en árbores decaídas.

**Árboles susceptibles:** algunhas especies de coníferas.

Condições ambientais específicas.



## *Pinus pinaster* RESISTENTES AO NEMATODO DISPONÍBLES PARA A SÚA COMERCIALIZACIÓN EN VIVEIROS

O Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF Lourizán) seleccionou un grupo de familias de piñeiro pinaster con alta supervivencia á enfermidade, tras os ensaios realizados no invernadoiro.

Estas familias incluíronse no Catálogo Nacional de Materiais de Base como 6 proxenitores de familias, con códigos PF-Q-26/15/001, PF-Q-26/15/002, PF-Q-26/15/003, PF-Q-26/15/004, PF-Q-26/15/005, PF-Q-26/15/006, o que garante a calidade da súa semente para ser utilizada en plantacións forestais.

Ademais de ser tolerantes ao nematodo, estas familias caracterízanse por presentar unha boa produción de madeira.

**¡PREGUNTA NO TEU VIVEIRO  
POR ESTES PIÑEIROS GALEGOS  
CON ETIQUETA ROSA!**



## AVALIACIÓN E SELECCIÓN DO MATERIAL RESISTENTE



Selección de 116 árbores superiores de *P. pinaster* na zona costeira de Galicia

10 ensaios de campo

Medicións de altura e diámetro



5 ensaios en invernadoiro

Avaliación periódica da mortalidade e síntomas en 91 familias



Selección de familias con menor mortalidade fronte a *B. xylophilus* e crecemento en volume superior á media

